

# 25 DE NOVEMBRO DE 2009 MACHISMO? NON, GRAZAS: MATA.

**Por unha sociedade igualitaria: tod@s contra a violencia machista.**

Un ano máis chega o 25 de novembro e, como cada ano, chega o día de reconto de vítimas da violencia machista; é o momento de lembrar a cada unha delas, o momento de indignarse por esta lacra social que parece non ter fin. Un 25 de novembro máis in memoriam das últimas 47 vítimas asasinadas a mans das súas parellas no que levamos de 2009 e de todas as que caeron anteriormente. Un 25 de novembro máis que servirá para que os medios de comunicación dediquen a estas mulleres asasinadas uns minutos para informar do reconto do ano en curso, cal se se tratase do número de vítimas en accidentes de tráfico, para informar de como se poñen en marcha as ordes de afastamento e de como logran burlalas os seus asasinados. Por desgraza, todas elas serán mulleres con nome que integran a lista do 25 de novembro de 2009. Os anos próximos haberá outras, outros nomes que permitirán novos recontos.

Pero, tras os datos terribes e incesantes que nos estremecen de continuo e cada 25 de novembro, bótanse en falta reflexións e apenas se fala de por que sucede isto, de por que non logramos erradicar esa lacra asasinada, de cal e onde reside o problema de fondo que fai que se prolongue e perviva unha enfermidade de séculos nunha sociedade moderna como a que vivimos. Non se fala de que facer e como actuar para atallar o problema desde o fondo e desde a súa orixe.

A violencia contra as mulleres foi unha constante ao longo da historia e, sen dúbida, é unha manifestación de algo máis profundo e oculto dentro das entrañas da convivencia e da realidade social. A violencia machista foi e é unha das súas manifestacións dos valores culturais e estereotipos sobre os que se construíron os elementos de desigualdade que marcaron a posición de poder dos homes e o predominio da cultura androcéntrica, que lexitimaron historicamente o poder dos homes e a súa dominación sobre a muller, promovendo desta maneira a independencia deles e garantindo o sometemento dela, incluíndo o uso da violencia se é necesario. Sen dúbida, esta desigualdade cultural e social foi creada por e para beneficio dos homes e para que prevaleza a súa posición de dominio respecto ás mulleres, e a violencia de xénero nace de aí, nace da necesidade deles de se impor e de endereitar aquilo que consideran equivocado, inapropiado ou, simplemente, inoportuno e nefasto para a prevalencia da súa posición de poder.

Na sociedade que vivimos na actualidade, a relación entre violencia e desigualdade é recíproca e unha non existiría sen a outra: a desigualdade refórzase e mantense tamén coa violencia, pois, sen o uso da violencia, non se podería manter algo tan inxusto como a desigualdade, e o patriarcado non tería outro remedio que ceder ante o progreso e a evolución das sociedades democráticas e cada vez máis cambiantes. Pero non foi así porque nas sociedades occidentais actuais priman e se reforzan estes valores de desigualdade e o patriarcado impón unhas estruturas socio-económicas, culturais, relixiosas, xerárquicas que aínda hoxe se reflicten na sociedade e en todas as institucións.


A violencia cultívase xa desde os primeiros anos da nosa vida e se desenvolve e se impón durante a infancia e a adolescencia, estimulada case sempre polas condicións familiares, sociais e culturais:


Entre os factores culturais, está a relixión, pois non en van a Igrexa estivo condicionada por unha profunda misoxinia histórica: as mulleres foron as responsábeis do mal e polo tanto son merecedoras de sufrir a expiación para sempre. Ademais, a Igrexa alentou e orientou ás familias cara unha moral de carácter patriarcal na que o home é o cabeza de familia ao que toda a familia debe respecto. E non podemos esquecer que a nosa cultura se nutre desta moral xudeu-cristiá, conforma os diferentes saberes e impregna todo o tecido social.

**25 de novembro  
Día Internacional  
da Eliminación  
da Violencia  
Contra a Muller**



**Por unha sociedade igualitaria:  
tod@s contra a violencia machista**





Por outra parte, ten un papel importante a Escola, que nalgúns casos está liderada pola Igrexa e, xa que logo, transmite e impón os seus valores. Ademais, na Escola, os coñecementos que se imparten son principalmente androcéntricos: a maioría dos grandes nomes que se estudan nas diferentes materias (literatura, arte, ciencias, etc.) son homes; a historia impártese desde o punto de vista dos homes, desde as guerras que eles xeraron e o exercicio de poder, quedando relegadas ao esquecemento todas as experiencias humanas nas que participaron o resto da poboación. Mesmo se obvian e eluden as achegas das mulleres en momentos que foron fundamentais para entender os cambios sociais dos últimos séculos, como os movementos feministas dos séculos XIX e XX, que apenas teñen un oco nos libros de texto: as mulleres foron condenadas ao silencio nos materiais curriculares.

No mesmo sentido, están os medios de comunicación, que perpetúan os estereotipos de xénero a través dos contidos e da publicidade. É necesario facer unha revisión profunda dos contidos de programas, especialmente os dirixidos á infancia e á adolescencia.

Ademais, no ámbito laboral non se logra que as mulleres consigan un nivel óptimo de autonomía e independencia: os salarios das mulleres son significativamente máis baixos, dun 20 a un 40% menos respecto aos homes. Nós somos as que sufrimos maior precariedade laboral respecto aos homes (discriminación salarial, temporalidade, empregos parciais, etc.). O "teito de cristal" segue sendo unha traba para as mulleres en todos os ámbitos.

En suma, o Estado, a política, a igrexa e a relixión, a familia, a sociedade, a cultura, a escola, os medios de comunicación e a publicidade, todos eles forman unha trama onde se retroalimenta o poder patriarcal e se reproducen as sociedades androcéntricas, impregnando todos os nosos ámbitos de socialización. Aprendemos a convivir nas relacións familiares, sociais, políticas, sexuais, na educación que recibimos na escola, na linguaxe, nos libros, nos contos, as bandas deseñadas, a televisión, a publicidade, as crenzas relixiosas, é dicir, en todos os ámbitos da nosa cultura e da nosa vida.

Por todo iso, desde a Asemblea de Mulleres do STEG, demandamos que o Estado vele por asegurar a igualdade de dereitos, a igualdade de trato e de oportunidades desde as leis. O Estado ten a responsabilidade de asegurar que estas leis se cumpran e que dean solucións aos problemas de cada unha das vítimas da violencia machista, pero, ademais, o Estado e as institucións deben facer un diagnóstico rigoroso de que e por que prevalece esta violencia machista e buscar a forma de se enfrontar ao problema desde a raíz, desde o máis fondo, buscando e afondando nas causas que xeran esta violencia, pois só e unicamente destexei se logrará acabar coa desigualdade que sofren as mulleres e, por ende, erradicar a violencia que provoca, xera e alimenta esa desigualdade.

## ¿MACHISMO? NON, GRAZAS: MATA.

Asemblea de Mulleres

